



NOTA INFORMATIVA

[ICA Santiago de Compostela, 17 de abril de 2018]

ADIANTO POR PARTE DO COLEXIO DO PAGAMENTO DO 1º TRIMESTRE DA QUENDA DE OFICIO

Ante os prexuízos económicos que a dilación da folga indefinida dos funcionarios da Xustiza está a causar entre os profesionais da avogacía, a Xunta de Goberno, na sesión extraordinaria e urxente do 17.04.2018, ás 12.00 h, acordou por unanimidade efectuar, con cargo aos fondos propios da tesouraría deste colexio, o pagamento das actuacións da quenda de oficio e das asistencias ao detido correspondentes ao primeiro trimestre de 2018. Adiántase desta maneira o primeiro pagamento trimestral do ano, cuxa certificación ante a Dirección Xeral de Xustiza se realizará nos próximos días, para evitar así unha espera aproximada dun mes, que é o tempo que adoita tardar a Dirección Xeral en aboar os importes da quenda de oficio unha vez aprobada a certificación remitida polo Colexio.

Como consecuencia, nos próximos dous ou tres días dende a secretaría do Colexio efectuaranse os pagamentos de acordo coas actuacións xustificadas por cada colexiado. No caso de que posteriormente a Dirección Xeral de Xustiza rexeitase algunha destas actuacións por non estar debidamente xustificadas, procederase a regularizar o seu pagamento (unha vez que a Dirección Xeral aboe a certificación).